

excelencia artística e no forte compromiso coa música e os creadores do noso tempo a súa razón de ser.

Xurde co afán de manter unha estrutura estable de encomendas, favorecer a creación de producións musicais de actualidade e dinamizar o espectro sonoro contemporáneo desde o vértice peninsular dun xeito que resulte significativo nunha perspectiva internacional.

A partires dunha conciencia da multiplicidade no achegamento ó sonoro establece un constante diálogo e interacción co pensamento, a ciencia, a tecnoloxía e outras formas artísticas da contemporaneidade desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural que non renuncia nin ó rigor, nin á transgresión nin ó espírito de vangarda.

[www.vertixesonora.net](http://www.vertixesonora.net)

### Javier Martín

Coreógrafo, performer e investigador (A Coruña). Desenvolve un proxecto de investigación de corte epistemolóxico arredor das artes do movemento que atopa as súas fugas na creación de discurso e distintas aplicacións do mesmo, como son: a escrita, conferencias-performativas, procesos de obra acompañados de talleres, a activación de grupos de investigación e laboratorios, o acompañamento de itinerarios formativos en distintas universidades ou o desenvolvemento de seminarios. E, como motor e causa de todo, a creación de espectáculos. De formación académica en ciencias (estudou Química, especializándose no itinerario de Mecánica Cuántica), dende 2005 ten estreado máis de 30 pezas en España, Francia, Rusia, Portugal, México, Ucraína, Guatemala e Uruguay.

[www.javiermartin.gal](http://www.javiermartin.gal)

# VIII CICLO DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA DE LUGO



## CONCERTO PERFORMATIVO

### BRUMARIO



**Concello de Lugo**  
Concellería de Cultura, Turismo,  
Xuventude e Promoción da Lingua



**Venres 4 de decembro de 2020**  
**20:00 h.**  
**Auditorio Municipal Gustavo Freire**

## PROGRAMA

- **Ramón Souto** Brumario (2020)

Concepción: Javier Martín e Ramón Souto

Dirección escénica e coreográfica: Javier Martín

Composición e dirección musical: Ramón Souto

Iluminación: Octavio Mas

Dispositivos sonoros: Nacho Barcia e Ramón Souto

Intérpretes: Pablo Coello (saxofón), David Durán (piano), Diego Ventoso (percusión)

Técnico de son: Mateo Barcia

Co apoio do Instituto Nacional de Artes Escénicas e Musicais (INAEM).

## A PROPOSTA ARTÍSTICA

*Brumario* é o título da colaboración entre Vertixe Sonora, agrupación amplamente destacada no eido da música contemporánea, e Javier Martín, coreógrafo e bailarín igualmente recoñecido polas súas achegas ás artes do movemento. Unha colaboración que agroma dun interese compartido na procura de novas linguaxes, a improvisación como rigor escénico e o encontro entre disciplinas artísticas.

A proposta iníciase en 2018 como un proxecto de investigación e creación en código aberto que parte do concepto de vibración como lugar que atravesamos e conforma ambas disciplinas. A retroalimentación entre movementos e sons prodúcese porque o bailarín leva un sistema de microfonaía que funciona como sensor da acción que os instrumentos amplifican e modifican mediante altosfalantes

intérpretes permiten xerar sons orixinais froito da interacción. Instrumentos,

músicos e bailarín acaban converténdose, todos eles, nun corpo ampliado que emite e recibe vibracións.

A partir desa premisa, o compositor Ramón Souto coa colaboración especial do artista visual Ignacio Barcia e o iluminador Octavio Mas incorpóranse ao proxecto en 2020 para desenvolver a idea inicial e redirixila na creación dun espectáculo escénico pechado de carácter híbrido que continuará a desenvolverse nas súas diferentes presentacións oscilando entre a performance, o concerto e a instalación.

Coincidente co paso do Sol por Escorpio –entre o 22, 23 ou 24 de outubro e o 20, 21 ou 22 de novembro, segundo o ano– e proposto por Fabre d’Églantine para referirse ás «brétemas e brumas baixas transudación da natureza de outubro en novembro», Brumario (en francés Brumaire) é tamén o nome do segundo mes do calendario republicano francés. O 18 de brumario do ano XVIII (o 9 de novembro de 1799) Napoleón deu o golpe de estado que marca o final da Revolución francesa.

## OS INTÉRPRETES

### Vertixe Sonora

Colectivo flexible que integra solistas de importante traxectoria no ámbito da música contemporánea en Galicia e Portugal, Vertixe Sonora Ensemble favorece un espazo aberto á reflexión, discusión e intercambio na música contemporánea. Está formado por artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e a danza cunha común vontade por desenvolver propostas musicais cunha perspectiva artística global que atopan na procura da